

## PROBA DE ACCESO A 2º GRAO ELEMENTAL - LINGUAXE MUSICAL (todos os instrumentos)

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios en clave de sol, que incluírán as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicio que incluírá as dificultades propias do 1º curso de Grao Elemental. Dito exercicio realizarase con acompañamento pianístico. Ao alumno se lle dará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a realización.
3. Ditado. En Do M, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 1º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso e 1º G.E.

### Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos na clave de sol, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente unha melodía, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

### Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal.

A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 40%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 20%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

Pontevedra, 8 de xullo de 2019

#### **IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.